

ACTA REUNIÓN COMISIÓN PARITARIA II CONVENIO COLECTIVO PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Vicexerenta de Persoal:

Ana Comesaña Álvarez

Xefe do Servizo de PAS:

José Manuel Fernández Viña

SECRETARIO:

Rafael Ameneiro Bravo

REPRESENTANTES SINDICAIS:

Federico Fernández Fernández (CIG)

Luís Pérez Gómez (CIG)

Manuel Marcos García (CCOO)

Aser Fernández Rey (CCOO)

José Andrés Zapirain Fernández (UGT)

José María Pérez Landín (CSI-CSIF)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Universidade de Vigo, celebrada ás 10:00 horas do día 2 de abril de 2009, na sala de xuntas nº2 do Edificio Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia das persoas que se citan á marxe e de acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- Anexo I convenio colectivo:
Aprobación de novas categorías na RPT de PAS Laboral da Universidade de Vigo.

A Vicexerente de Persoal entrega os documentos que se adxuntan á Acta de creación de novas categorías e a súa memoria xustificativa, que reproducen os aprobados cos comités de empresa de Ourense e Pontevedra en aplicación do artigo 13 do Convenio Colectivo.

As partes fan constar en acta as súas manifestacións:

UGT: manifesta o seu apoio á creación de prazas pero non comparte en absoluto a necesidade de creación de novas categorías porque considera que o catálogo de prazas vixente no II Convenio Colectivo é suficiente.

CIG: manifesta que nesta reunión a discusión sobre a denominación das categorías non procede porque se acordou a modificación da RPT no seo dos comités. Expresa que manifestou na Comisión de Política de Emprego o seu desacordo coas denominacións.

CCOO: manifesta que unha vez aprobada a modificación da RPT non ten sentido facer ningún tipo de variación. Entende que co acordo da modificación houbera bastado.

CSI-CSIF: manifesta que non estivo na reunión na que se acordou a modificación da RPT. Considera que o abanico de categorías é suficiente para non ter que aprobar a creación de novas categorías. Maníféstase en contra da creación de novas categorías.


A vicexerencia de persoal manifesta que a creación de novas categorías se deriva de necesidades demandas polos servizos, debidamente xustificada ante todos os órganos de negociación, legais, regulamentarios e convencionais, e por tanto cumpre todos os requisitos para a súa dotación e inclusión, polo que hai constancia das súa importancia e necesidade para a organización. Entende ademais que os órganos de negociación teñen amparada a súa creación. Sen prexuízo

do anterior, a petición da parte social, se convocou esta reunión, debendo ser o resultado da mesma o acordo ou desacordo.

O resultado é de **acordo** entre a representación da Universidade e coa maioría da parte social, co voto favorable de dous representantes de CIG e dous de CCOO. O representante de UGT e o representante de CSI – CSIF votan en contra.

Con base no anterior, acádase acordo na inclusión das categorías do anexo I do Convenio Colectivo vixente, que se anexan ao acta, da que se levan copia todas as partes.


Exténdese unha acta orixinal.



PERSOAL LABORAL

CREACIÓN:

CATEGORÍA	GRUPO	Nº POSTOS	XORNADA	ADSCRIPCIÓN
TÉCNICO SUPERIOR DE CALIDADE ALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	I	1	Me T	CACTI CAMPUS VIGO
TÉCNICO SUPERIOR DE DETERMINACIÓN ESTRUCTURAL, PROTEÓMICA E XENÓMICA	I	1	Me T	CACTI CAMPUS VIGO
TÉCNICO SUPERIOR EN EQUIPO DE FEIXE DE IÓNS FOCALIZADOS E MICROSCOPIA ELECTRÓNICA	I	1	Me T	CACTI CAMPUS VIGO
TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN AMBIENTAL	I	1	Me T	VICERREITORÍA PLANIFICACIÓN AREA DE PREVENCIÓN E CALIDADE AMBIENTAL
TÉCNICO SUPERIOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	I	1	M	VICERREITORÍA RRII
TÉCNICO ESPECIALISTA DE TALLER DE TÉCNICAS ARTES GRÁFICAS	III	1	Me T	FACULTADE BELAS ARTES PONTEVEDRA
TÉCNICO ESPECIALISTA DE TALLER DE TÉCNICAS ESCULTÓRICAS E PICTÓRICAS	III	1	Me T	FACULTADE BELAS ARTES PONTEVEDRA






MEMORIA XUSTIFICATIVA NECESIDADES DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

PERSOAL LABORAL

Grupo I

TÉCNICO SUPERIOR DE CALIDADE ALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

TÉCNICO SUPERIOR DE DETERMINACIÓN ESTRUCTURAL, PROTEÓMICA E XENÓMICA
--

TÉCNICO SUPERIOR EN EQUIPO DE FEIXE DE IÓNS FOCALIZADOS E MICROSCOPIA ELECTRÓNICA

Para apoiar as funcións do CACTI nas áreas de: seguridade alimentaria e desenvolvemento sostible, feixe de ións focalizado se microscopía electrónica, e determinación estrutural, proteonómica e xenómica, á solicitude da dirección do CACTI, resulta necesario contar con persoal técnico con formación específica e titulación que lle habilite para o desempeño das funcións de nivel superior para cada unha das tres áreas anteriores. Así, propónse a creación de prazas de técnico superior para cada unha delas.


No ano 2005 a Universidade recibiu unha axuda do ministerio de educación contratación de sete técnicos de apoio asignados ao CACTI. A financiación rematou no mes de agosto de 2008. Con esta dotación a Universidade de Vigo, consolida con carácter permanente os servizos ata agora dispoñibles, dotando prazas para cubrir ditas necesidades coa estruturalidade necesaria para a continuidade da prestación, considerada indispensable para a boa marcha do traballo no CACTI.

TÉCNICO SUPERIOR DE XESTIÓN AMBIENTAL

Baixo a dependencia da área de prevención e calidade ambiental da vicerreitoría de planificación, e co ámbito de actuación dos tres campus da Universidade de Vigo, estimase necesario contar con unha praza de técnico de medio ambiente para realizar a actividade e de desenvolvemento do servizos da Universidade en relación con residuos perigosos, residuos sólidos asimilables a urbanos, residuos urbanos e residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

TÉCNICO SUPERIOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
--

A proposta desta praza é o resultado da detección da necesidade de atender funcións propias da Vicerreitoría de Relacións Institucionais e das súas áreas e



oficinas, no marco da aposta que está a realizar a Universidade de Vigo para a promoción da competitividade e a internacionalización do país a través do fomento da investigación, das tecnoloxías da información e a comunicación e da cooperación internacional, débese abranguer a necesidade de contar coas mellores ferramentas para a promoción da internacionalización de toda a súa actividade universitaria e institucional como consecuencia do seu crecemento natural, das súas crecentes relacións coa sociedade e da súa adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.

Grupo III

TÉCNICO ESPECIALISTA DE TALLER DE TÉCNICAS ARTES GRÁFICAS
TÉCNICO ESPECIALISTA DE TALLER DE TÉCNICAS ESCULTÓRICAS E PICTÓRICAS

Con obxecto de apoiar as labores de docencia e as clases prácticas na Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra cómpre dotar de persoal específico para as labores técnicas de apoio das actividades de taller e persoal de apoio con coñecementos de técnicas e procesos calcográficos e xerográficos ademais de coñecementos en programas de manipulación de imaxe.

A actividade nos talleres é fundamentalmente práctica e require un mantemento continuo e unha destreza no manexo que procure un funcionamento óptimo dos mesmos.

Co fin anterior dotase na RPT do Campus de Pontevedra na Facultade de Belas Artes unha praza de técnico/a especialista en taller de técnicas escultóricas e pictóricas da universidade de Vigo e outra praza de técnico especialista de técnicas gráficas da universidade de Vigo.

The block contains several handwritten signatures and initials in blue ink. At the top left is a geometric sketch of a triangle with internal lines. To its right are several sets of initials and signatures, including a large, stylized signature that appears to be 'M. García' and another that looks like 'DZ'. Below these are more signatures, including one that clearly reads 'M. García' and another that is partially legible as 'P. García'.